

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº57 Ano: 2022 / 1º xornal Mes de outubro / Estado de PosFestaMarico

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



REFORESTACIÓN

Irá arriba a mínima reforestación que intentou Parques na antiga acampada de Chan da Pólvora? Páx. 1



SALGADOIROS DE SUXESTIÓNS

Desta entrega temos dous que teñen que ver co anterior Onstopus: sobre o Nudismo en Melide e repoboación. Páx. 2



CONTOS DE TABERNA


Restos "prehistóricos" aparecen a carón do peirao de Ons. Serán do Castro dos Mouros? Páx. 3



Irene Patiño, na súa casa de Canexol, agochaba un dos mellores remedios contra as grallas que asolaban o millo auniense. Páx. 4



Alex, de pé, Dr. Jekyll ou Mr. Heyde? Páx. 4



Centolas de Ouro, ben merecidas para Miguel Besada Costa e Alfredo Fernández Prieto. Páx. 5

Fotos: Debuxo de Gogue (Antón Mascato) e Voz de Galicia.)



Houbo e hai, ou non, unha Problemática Urbanística na Illa de Ons? Páx. 6

ALVARITO

Un pescador de moita altura e gran corazón. Páx. 4



O INTENTO DE REFORESTACIÓN DE CHAN DA PÓLVORA (escrito o 01/10/2022)

No número anterior de Onstopus, tocaba o tema, que xa é habitual neste minixornal, da reforestación e daba modestas ideas para levala a cabo en Ons.

Pois ben, no meu paseo pola Illa antes de reunirme cos amigos do Pescador o sábado 24 de setembro (que non o puxen no anterior Onstopus para non excederme tanto no mesmo tema nun só número), fun ata o piñeiral de Chan da Pólvora a comprobar como ía, o que eu crin, era un inicio de reforestación por parte do Parque e do que xa falei en Onstopus nº 48, 2º xornal mes de abril 2022: <http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/48/onstopus-48.pdf>

Teño que recoñecer que levei unha grande sorpresa, *negativa*, pois todo o que me parecía unha plantación interesante daquela, non a atopaba por ningures. Despois de dar un par de voltas polo lugar, advertín uns pequenos paus que poderían ser os que suxeitaban á nova árbore; grande dúbida!!! E, cando me dirixía a fotografar, no mesmo lugar, outra cuestión de interese para este minixornal, da que despois falarei, atopei, o que creo é o único supervivente, daquela plantación.

Nos informes que enviamos á Consellería, no seu momento, tocamos o tema da diferenza de tamaño entre uns carballos e castiñeiros en diferentes lugares da Illa, pero que foran plantados no mesmo ano. Preguntando á administración a que era debido, viñeron dicindo que uns eran do tipo anano???


Un tempo despois, paseando pola illa cun amigo biólogo, comenteille o destas árbores e, no noso traxecto, puidemos visualizalas. Ao observalas, dixo que, posiblemente, a diferenza estaba en que uns foron podados no seu momento e os outros deixados, poderíamos dicir, ao seu libre albedrío de crecemento, o que provocou a numerosa cantidade de polas que dende o pé da árbore evitou o seu normal desenvolvemento.

Puido haber, ou non, responsabilidade no seu coidado por parte da administración?

Ese día 24 de setembro, despois de estar no piñeiral de Chan, baixei polo camiño cara á enseada de Caniveliñas, pero en canto de ir cara ao mar, collín a corredoira que vai ao barrio do Caño. Antes de chegar ao camiño de lousas que leva a Curro, comprobei que á miña esquerda, mirando cara ao lavadoiro de Caño, fixeran unha boa limpeza de mato e podíase visualizar unhas árbores que foran plantadas hai xa anos. De novo, comprobei o seu pequeno tamaño (non sei se este tipo de árbore é así) e, co recordo dos carballos e castiñeiros, volvo a pensar que nesas datas pretéritas si plantaron, pero que posteriormente non coidaron o plantado.

En resumo, se as poucas plantacións que fan, non van ter un coidado e mimo por parte dos responsables do Parque, é normal que non as fagan, porque podería demostrar a irresponsabilidade das persoas encargadas do coidado do medio ambiente na Illa. Toda unha incoherencia tendo en conta que Ons pertence a un Parque Nacional e que está xestionado pola Consellería, precisamente, de Medio Ambiente.

Seguirei con atención este tema.



Fotos: De esquerda a dereita. *Primeira: A única que vai arriba na zona de Chan da Pólvora. Segunda: Os paus que quedan das que suxeitaban outras árbores. Terceira: Unha árbore plantada na zona de Caño hai anos, e que, pola falla de coidados, non da medrado adecuadamente.*



Por que, unhas árbores van perfectamente arriba e outras non. Serán os coidados os adecuados?

SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

Un lector, fiel seguidor de Onstopus e que pasou tempadas en Ons dende os anos 60, me envía estas suxestións con respecto ao último número:

“Gracias Tinón. Un documento muy variado dedicado a los temas candentes e importantes de nuestra querida Isla de Ons...”

Sobre el tema de Melide: El recuerdo de la playa de Melide y su vocación nudista me llevó a la idea del grupo nudista gallego "Os fillos do sol", del que formaba parte mi padre. Habían construido una casa de madera en Samil, en la desembocadura del río Lagares. Hay una película catalana sobre la historia que te puedo pasar por WeTransfer, si crees que te puede interesar. También había fotografías en mi casa, de grupos desnudos, a las que, por "imperativo de la época" le habían puesto "bañadores" con tinta estilográfica. Algún cachondo le puso un "bañador" a un perro que formaba parte del grupo.

Sobre la tala y reforestación de la que hablas: También recuerdo la recomendación de un amigo, ingeniero de Montes de la Escuela de Madrid, natural de Ataquines y su recomendación de plantar eucaliptos y pinos con el objetivo de preparar la tierra para las especies frondosas.

Lamento el desguace de la goleta "Nieves" y la falta de visión y sensibilidad de nuestros "dirigentes".

Como no haya más interés por parte de los que las gestionan, la degradación de las islas está garantizada. Un fuerte abrazo”

Grazas polas suxestións. Sobre o tema da Praia de Melide e o nudismo, ten moita historia que contar. No anterior número, só expúxenlo dun xeito moi reducido, pero daría, ou dará, cando me poña a escribilo, para páxinas.

O de reforestar é un tema, coído, que un pouco estraño. Eu penso que non debe haber cartos de Europa para iso, logo, non o fan; sen embargo, para eliminar si hai, por iso, adiante; total, se hai máis ou menos arborado en Ons, quen di algo? Os que deberían (ecoloxistas, por exemplo), mellor caladiños, non vaia a ser que despois non haxa axudas e subvencións, e o mesmo pasa cos denominados “técnicos” que, ao non ser un tema que traia rebumbio social, para que meternos.

E así está a cousa. Como digo sempre, o tempo porá a cada un no seu sitio.

Foto: Material na zona de Parques que, segundo parece, está aí dende principios de verán. Sería para reforestar? Dende logo, polo que se pode observar na fotografía (finais de verán), os coidados, mínimos. Dende logo dá para reflexionar moito. Deixarémolo así ata outro intre.



SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

Sobre o tema do Nudismo en Melide

“Querido

amigo:

Muchas gracias por el envío de Onstopus nº 56. Me ha ya llamado la atención el artículo sobre la playa nudista de Ons. En los tiempos históricos a los que nos ha costado mucho llegar, sería una verdadera vergüenza que esa playa perdiera su condición de nudista y volviéramos a los días en los que la visión del cuerpo humano se consideraba pecaminosa. Para los contrarios al nudismo en la isla de Ons hay otras playas en las que está permitido utilizar bañador y bañarse también con corbata, con turbante o con la vestimenta que más nos guste, sin que nadie se escandalice por ello. Un abrazo”

*Prezado amigo, tes toda a razón, pero como dixen no número anterior, os nudistas de antano, agás excepcións, deixárona ir e hoxe e case residual o número de nudistas que acoden. Coido que merecería unha **Manifestación Nudista na Praia** para reivindicar a súa condición.*



Foto: Praia de Melide hoxe en día, ategada de bañistas. Nudistas un 5% e penso que xa é moito.

<https://www.nadaincluido.com/isla-de-ons/>

CONTOS DE TABERNA

“O XEADO PREHISTÓRICO”

Os da partida xa remataran de poñer ladrillos (fichas de dominó) sobre a mesa e xa estaban a piques de comezar tremenda comedela acompañada dun sabedor magnun de Rioxa, cando entrou **Pepe da Illa** portando na man o que parecía un enorme xeado.

Todos quedaron abraiados mirando para el, non polo feito de traer un xeado, senón pola forma e a composición de tal manxar.

Manolo da Illa que estaba atento ao tema, á vez de dar conta das nécoras que había na mesa, preguntoulle:

- Que carallo traes aí, iso é un xeado?

Coas sorna que o caracteriza, **Pepe da Illa**, díxolle:

- E lo, pareceche un cucurucho de castañas? Pois si, é un xeado, pero coido que ten máis anos que a tumba de Tutankamón. Acabo de atopalo aquí abaixo, nas rochas, xunto á muralla de Checho e coido que é unha peza arqueolóxica única, un xeado *pedrificado*, Deus sabe dende cando!!!

O listillo do grupo corrixiuño:

- Dirás petrificado, é dicir, convertido en pedra.

Ao que el contestou:

- Pois si, como lle pasou a esa muller da que un día diso Josecho na misa, que mirara para atrás, non sei en onde, e converteuse en salmoira.

-En salmoira non, en estatua de sal cando escapaba, segundo di a Biblia, dun pobo que se chamaba Sodoma.

- Pois vén sendo o mesmo, cando metes o peixe en salmoira e logo o pos a secar, queda duro e dura, así que o mesmo que lle pasou a esa muller, segundo ti di a Biblia, pasoulle a este xeado.

Entre tanto, os demais da mesa, a carón de dar conta das nécoras, escoitaban e rían. **Arturo**, vacilando, comentou:

-Pois quizais teñas razón. Non están atopando cantidade de restos antigos aí no castro de Canexol, pois pode ser que iso tamén sexa cousa dos mouros e viñese a dar aquí a carón do peirao.

Manolo da Illa, mirou para el e, coa boca chea dun bo anaco de nécora espetoulle:

- Pero ti!, non ves como é o *coloutro* ese, é de pedra e ata parece que ten cemento e, o que brilla, semellan anacos de cristal. Como pensas ti que chegou ata aquí dende Canexol?

Pepe da Illa, que deixara o xeado de pedra sobre a mesa e seguía atento a toda a conversa, sen deixar de comer, indicoulle:

- Manda carallo!!! Como puido chegar ata aquí, dis!!! E lo, na Illa o ferro non aboia!!!, pois as pedras tamén, carallo!!!

Todos botaron unha risada que debeu de escoitarse nas bisbarras do Morrazo e do Salnés e, xa canso de tanta algarabía

Manolo da Illa, díxolle a Pepe:

-Ben, que vas facer con el, non pensarás comelo?

Nova risada de todos. **Pepe** tamén, xa canso de tanto falar e pouco comer, rematou:

-Voulo dar ao garda forestal para que o garde no Centro de Visitantes e, como dixó o Director do Parque Nacional que os arqueólogos van vir a seguir facendo buracos no Castro dos Mouros, que lle pregunten a eles, pero, se é unha peza importante, que non a leven ao Museo de Pontevedra como fixeron co machado de bronce, que quede aquí e que para alí leven un igual feito de plastilina.”

E así foi a cousa que, aínda que parece un conto, ten moito de realidade.



Fotos:

Esquerda: O xeado atopado por Pepe da Illa.

Dereita: Lugar onde foi atopado.

Nota: Algún da mesa da partida subliñou que tamén puido influír na súa formación, o ir a dar mesmo onde vertía a depuradora e, vai ti a saber, que suplementos extra recibiu o seu contido para durar tanto tempo.

Nota: Recordar que, nos contos de Taberna os personaxes principais: Pepe da Illa, Manolo da Illa, Arturo, Francisco, Antonio,... son nomes ficticios.

ONS NA MEMORIA

“O CANÓN PARA ESPANTAR AS GRALLAS”

No número 26 de AUNIOS escribía un artigo co título: “A cultural popular da Illa de Ons. <As postas dos corvos ou grallas>”

<http://bueu.esv.es/Revistas/Aunios/26/01-Corvos-Celestino.pdf>

Nel, na páx. 3, escribía: “E ata a mediados dos anos 70 s. XX cando poucas terras se cultivaban xa, un fareiro, que lle facía as beiras a unha rapaza da Illa, fabricoulle á súa familia un canón que ao prendela mecha estoupaba facendo un estrondo tremendo, que si facía fuxir ás grallas, pero chegou tarde e quizais as administracións posteriores non lle deixarían utilizalo”

Pois ben, daquela, estiven na procura da foto dese canón que un día ensináronme os seus donos Irene Patiño e o seu home Manuel Pérez pero, como pasa sempre, cando necesitas e buscas algo, non o atopas, e mira que busquei entre o mundo de fotos e diapositivas que teño, pero nada.

Agora que estou reordenando un bo número de fotografías para telas ben clasificadas, apareceu a foto traspapelada noutro grupo onde non debería estar.

Aquí a traio hoxe para que vexades o enxeño de José María Seguí (fareiro de Ons a mediados dos anos 70 s. XX) para que as grallas non amolasen o millo dos que despois foron os seus sogros.



DRS. JEKYLL e MRS. HAYDE

As instantáneas teñen uns anos entre elas. Podemos ver abaixo aos Doutores Jekyll e arriba aos Míster Hayde. Intuímos que o que ten na man un deles é a poción que os transforma de xeito inmediato.

Dous grandes amigos e empresarios de Portonovo que saben divertirse moderadamente na Illa de Ons nos seus momentos de ocio.



UN PINTO DE 13 KG

Quítalle quilos, Tinón!!!


Dixo Alvarito cando veu a noticia.

E ten razón, sen querer, puxen un 1 diante do 3, e deu pé a confusión.

O certo é que este magnífico exemplar de pinto capturado por Alvarito nos mares próximos á Illa, non deixa a ninguén impasible.

Entre el e Cesáreo son os que, a través do tempo, mellores pintos sacaron das augas próximas á Illa, entre os Faros do Camouco e Picamillo.





Nas fotos do concello de O Grove, podemos ver a todos os galardoados arriba e abaixo, á esquerda a Alfredo Fernández Prieto e á dereita a Miguel Besada Costa.



Fotos: Á esquerda o primeiro debuxo de Miguel Besada na revista AUNIOS nº 0. Á dereita, o Nauja, primeiro barco tradicional que Alfredo Fernández trouxo ao Grove.

Antón Mascato di dos dous: “...Se lle puideramos facer unha radiografía á sociedade do Grove, cando menos á parte mais saudable dela, nela aparecerían os retratos destes dous seres singulares, valiosos, eficientes en todo o que fan, empáticos e mesmo moi queridos pola súa veciñanza que con este recoñecemento lles devolve en forma de honras públicas o moitísimo que eles nos teñen dado a nós, á sociedade do Grove, moitas veces atacada de Alzheimer, e outras actuando con miramentos excesivos para o propio, nesa maneira de sermos tan alleeira que valora mais o que vén de fóra que o noso, o que nos é propio...”

AS CENTOLAS DE OURO

Importante galardón que o concello de O Grove concede ás persoas, entidades, asociacións,..., colectivos da localidade que loitaron ou aportaron algo positivo, eficiente, proveitoso,..., ao municipio. Levan facéndoo dende hai anos e son entregados na Festa do Marisco.

Este ano os premiados foron: O Hotel Louxo, BDRI, Alfredo Fernández Prieto e Miguel Besada Costa.

Entre os catro, quero destacar, pola relación que tiveron e teñen con Ons e coa asociación cultural "PineirÓns, a Miguel Besada e Alfredo Fernández.

Miguel Besada, a carón de compartir con el os labores educativos no colexio Rosalía de Castro (O Grove), nunca puxo atrancos para apoiar e colaborar con PineirÓns na revista cultural AUNIOS. Xa dende o número 0 co debuxo da bruxa quitándolle o meigallo a unha dorna en Ons e coas ilustracións, entre outras, da Santa Compañía de Ons. Tamén escribiu un artigo sobre a Coral San Martiño e participou coa lámina do mapa de Ons cos debuxos dos lugares de interese, no folleto que realizamos no ano 1993 para Medio Ambiente.

Alfredo Fernández, unha das persoas máis comprometidas coa cultura marítima galega, tanto dende o punto de vista empresarial como turístico.

Tamén colaborou coa asociación PineirÓns, coa aportación económica das empresas que dirixiu, a modo de doazón con publicidade, na revista AUNIOS.

Non dubidou en poñer a disposición de PineirÓns as súas emblemáticas embarcacións tradicionais: Nauja e Nieves. Na Nieves, como xa explicamos en Onstopus anteriores, fixemos a presentación do nº 11 de Aunios nunha interesante singradura dende o porto de O Grove ata a Illa de Ons.

Aos dous, os nosos **PARABÉNS** polo seu labor cultural e empresarial e por ese Galardón que o teñen ben merecido.

PROBLEMÁTICA URBANÍSTICA EN ONS (I)

Ao igual que no seu momento fixen co tema do Centro de Visitantes, vou facer agora co tema Urbanístico na Illa, tratándoo en varias entregas.

Como é un tema no que levamos traballando en Pineiróns dende hai anos e, nos Informes enviados á Consellería e á Dirección do Parque, foron tratados, coido, que na profundidade que modestamente podemos aportar, vou a engadir aquí a temática contida meses Informes, coas súas fotos, e algún comentario a maiores que teña que ver coa realidade actual urbanística.



A problemática urbanística na Illa comezou nos anos 60 cando Colonización fixo caso omiso do informe que o enxeñeiro encargado por eles mesmos de facelo, puxo as verdadeiras problemáticas sobre o papel: Peirao, luz e auga. Colonización, seguindo a mesma folla de ruta que levaban noutros lugares de España, obviou ese informe e mandou facer un novo seguindo os pasos que mellor lle conviñan (como fai sempre a administración) e trouxo para Ons o que deron en chamar “O Plan Badajoz” que agás unha das escolas e as casas dos mestres: “*durmiron un sono letárxico de inutilidade durante máis de 15 anos*”, non sen antes destruír unha xoia da arquitectura e economía auniense: A fábrica de Salga.



INFORME Pineiróns (I) Aínda que uns cantos anos antes, levan tocando este tema nos Informes enviados á Consellería e a Parques, decidín poñer este de 2016 por ser o que está máis completo, sobre todo, en fotografía. Este tema, entraba no punto do **Tramo 5**, concretamente no **punto 5.5 Reconstrución de casas e casetas**. Este é o seu inicio.

5.5.- Reconstrucións de casas e casetas.

A problemática das casas trouxo unha importante loita entre veciños e administración dende sempre e, máis enraizada, dende 1985.

Aínda hoxe en día e despois de impoñerlles unha Lei de Concesións, que tiveron que asinar por imperativo legal, aínda seguen na mesma.

Ons, a principios dos anos 60 s.XX tiña a mellor Arquitectura Popular Mariñeira de toda Galicia. A administración coa construción do C. Cívico en Curro foi a pioneira na destrución urbanística desta Illa, na que seguiu posteriormente, a finais dos anos 70 s.XX coas construcións feitas en Pereiró para o Campamento da Xunta.

Daquela, a arquitectura illán quedou dividida en dúas zonas: as novas Curro e Campamento de Pereiró e o resto da Illa. A partires dos anos 80, os veciños que foran abocados a unha emigración forzosa e a crearse unha nova vida en terra, volven ás súas raíces e queren rehabilitar as súas casas, que estiveran deshabitadas por mor do enorme custo que supuxo o ir vivir ao continente. A administración, que coidou que xa non volverían e que as casas pasarían ao seu poder, púxose en pé de guerra cos veciños, que o único que provocou foi un desfase urbanístico que case acaba con esa magnífica arquitectura mariñeira.

Hoxe en día, aínda estamos a tempo de salvala, sempre e cando a Dirección do Parque non actúe como no seu día o fixo a Xefatura de Medio Ambiente en Pontevedra, co **NON** na boca.

Coidamos que seguindo uns puntos básicos, que en nada afectan ás concesións e concesionarios, nin á administración, podería recuperarse, polo menos ata un certo punto, esa magnífica arquitectura popular mariñeira.

Co fin de dar alternativas e colaborar nesta recuperación urbanística, aquí van as nosas suxestións neste comentario.

COMENTARIO:

Varias son as fases polas que hai que pasar. Estas fases non teñen unha orde, non hai que rematar unha para comezar a outra, senón que poden facerse á vez.

- a.- Estudo casa por casa
- b.- Permitir a reconstrución, rehabilitación e arranxos das casas.
- c.- Facilitar o arranxo de todas as construcións anexas.
- d.- Facilidades técnicas e económicas para levalo a cabo.